

9.- A APORTACIÓN DO GÓTICO COMO EXPRESIÓN DUNHA CULTURA URBANA.

INTRODUCCIÓN.

A arte gótica surxe en París a mediados do s.XII, desenvolvéndose no mundo cristián occidental ata o primeiro tercio do s.XVI.

Tradicionalmente a arte gótica era un estilo considerado “bárbaro”, e tratado desde o punto de vista peyorativo como contraposto ó clásico, resultado dunha evolución do románico que chegaría ata o Renacemento, pero **na actualidade está considerado como un estilo revolucionario**, sobre todo desde o punto de vista arquitectónico, logrando a súa plenitude tras un longo e lento período de tanteos e ensaios, moitas veces sobre a arquitectura existente. A pesar diso **a arte gótica acabará opoñéndose frontalmente ó románico**, tanto arquitectónicamente como nas artes figurativas.

O Gótico se identifica coa visión artística dun novo plantexamento da vida por parte do home do medievo (nova filosofía e novas estruturas sociais e económicas).

As principais condicións que desembocan no novo estilo son:

- Evolución do pensamento teolóxico e filosófico, baseado no triunfo do aristotelismo sobre o platonismo, e polo tanto do **naturalismo sobre o simbolismo** expresionista e abstracto do románico.
- A Reforma Cisterciense, reforma relixiosa pero tamén artística, na que se prohíbe todo tipo de decoración nos templos, limitándose o arquitecto ós **elementos estruturais e técnicos** dentro dunha **grande austeridade**. A regra do Císter fuxe do luxo e a relaxación da igrexa triunfante do Románico.
- O despertar do humanismo, que supón unha nova concepción do home a partir das **doutrinas franciscanas do s.XIII**, que fomentan **o amor a natureza** (dacordo coa teoría aristotélica) e a todas as súas criaturas, incluído o home, identificando corpo e alma como creación divinas. Abandónase pois o “terror milenar” altomedieval, por unha era de amor a Deus desde o punto de vista espiritual.
- O renacer da cidade, é paralelo ó Renacemento e a **apertura de novas rutas comerciais ou relixiosas no s.XIII** (Cruzadas). A especialización produtiva e a revitalización das actividades artesanais nas cidades coa conseguinte concentración humana en torno a elas, supón unha nova dimensión do **urbanismo como centro rector da vida baixomedieval**, fronte ós vellos mosteiros e castelos rurais.
- Nova estrutura social, baseada na aparición dunha nova clase social de orixe urbán, **a burguesía adicada a artesanía (gremios) e o comercio** nos novos burgos. Fronte ó Románico **agrario, feudal e monástico**, nos atopamos cun Gótico **artesanal, burgués e catedralicio**.

O SISTEMA CONSTRUTIVO. CARACTERÍSTICAS DA ARQUITECTURA GÓTICA. A CATEDRAL.

A arquitectura gótica surxe nunha época de entusiasmo relixioso e de desenvolvemento económico, do **triunfo da Monarquía sobre o Feudalismo (nobreza)**.

Dignifícase o papel do arquitecto, e moitos deles son enterrados nas igrexas que construíron. O edificio máis representativo do estilo gótico, é a catedral, pero cunhas características moi diferentes á do románico:

- Utilización de novos elementos arquitectónicos: bóveda de crucería, arco apuntado e arcobotante, que outorgan unha **maior lixeireza e verticalidade ós edificios** que adquiren progresivamente desde inicios do gótico un **maior ritmo ascensional**.

A bóveda de crucería ou de oxival, deriva da bóveda de arista románica pero é máis complexa con numerosas nervaduras diagonais (bóvedas cuatrimpartitas, sexpartitas..., según o número de elementos).

O arco apuntado ou oxival, de procedencia borgoñense (cisterciense), aínda que xa presente na arte califal-musulmán (Córdoba, Persia), permite un maior desvío dos empuxes oblicuos da bóveda cara o exterior.

Os arcobotantes, son arquiños exteriores de transmisión dos empuxes oblicuos das bóvedas sobre os contrafortes ou estribos, que compensan a presión vertical dos nervios e os arcos sobre os delgadísimos pilares e deste modo contrarrestan o seu empuxe cara ós laterais.

O estribo cunha forte cimentación, convértese no derradeiro elemento deste sistema mecánico perfectamente equilibrado, no cal para a súa maior eficacia sepárase o contraforte da parede a través do arcobotante, o que permite neutralizar os fortes empuxes resultantes da acusada verticalidade do edificio.

- Aparición progresiva de **arcos e bóvedas máis complexas**: arco conopial, carpanel e escarzano, e bóvedas estreladas ou en abánico (sucesión de nervios).

- Os arcobotantes cumpren ademais outra misión, **canalizar as augas que baixan do tellado** para que non resbalen directamente sobre as paredes do edificio e o arruinen, **rematándose no extremo das bocas de desague nunhas figuras monstruosas ou gárgolas** que expulsan as augas a distancia do muro.

- Os elementos sustentantes seguen sendo columnas e pilares, ademais dos contrafortes. A columna gótica é moi delgada, xa que recibe pouco peso, cun fuste cilíndrico moi liso e elevado, aparecendo normalmente adosada ó muro ou agrupada con outras formando o pilar cruciforme ou cadrado, propio xa do románico, e que constitúe o elemento realmente sustentante, co seu capitel e basa correspondente, abrazando a todas as columnas.

O capitel adoita ser de tipo vexetal e floral, fronte o xeométrico e abstracto do período románico e bizantino.

- O muro exterior convértese nun elemento fráxil onde prevalece o oco a través dos enormes ventanais e vidreiras que percorren o edificio e que serven de **tamizadores da luz interior**, creando un **espazo coloreado e unha iconografía radiante** (tracería calada e motivos historiados).

- **Os contrafortes corónanse con remates puntiagudos** denominados pináculos, ofrecendo unha sensación de “*esqueleto*” na vista exterior da catedral gótica (arcos perforados no muro, grandes ventanais...).

- No interior tradúcese máis esta impresión de desaparición do muro, a través dos arcos formeiros e do triforio (especie de tribuna ou galería cega aberta a nave a través de arcos apuntados).

- As fachadas adquiren un **gran desenvolvemento, pola riquísima decoración escultórica** tanto na portada principal como nas dúas do transepto.

Cada porta presenta forma de nicho, con series de arcos concéntricos ou arquivoltas apuntadas e con decoración radial, co tímpano decorado en franxas paralelas e superpostas e rematado nunha especie de frontón ou gablete, que enmarca o arco, dándolle un maior sentido de verticalidade.

- Sobre as portadas abocinadas ábrese grandes rosetóns, **de forma circular e divididos por finas aristas de pedra** cun significado simbólico dado pola súa forma radial: Sol (Cristo) e a Rosa (Virxe), e unha dobre función: **fonte de luz multicolor e elemento alixeirador da parede** (a modo de “fino encaixe”).

- Para completar a fachada, unha galería de arcadas a modo de friso, dividido en nichos con estatuas que percorren o muro, unindo as dúas torres que sirven de remate ó edificio nos laterais, a modo de campanarios con grandes aberturas, sulíñando o impulso vertical, con un ou varios pisos e rematándose en terrazas (Francia) ou en agullas (resto de Europa).

- Outros elementos decorativos son as xambas (decoradas con estatuas), linternas e ciborios.

- En planta, observamos edificios de tres ou cinco naves, con transepto pouco desenvolvido e cabeceira con xirola simple ou dobre e capelas absidiais.

PERÍODOS E EVOLUCIÓN DA ARQUITECTURA GÓTICA.

O estilo gótico nace en Francia a mediados do s.XII, a raíz da **revolución técnica das escolas románicas normandas** (bóveda de crucería) e a **aportación dos monxes borgoñóns do Císter** (arco apuntado), chegando a súa perfección **na rexión central da Ille de France** (norte de París), posuidora dunha rocha calcárea fácil de traballar.

A primeira obra da cal arranca o estilo é “ *a abadía de Saint Denis*”, cun coro reconstruído entre o 1140-44. O seu gran teorizador é o abade Suguer.

Desde París, corazón da monarquía, o gótico exténdese por toda Francia, e ó longo dos séculos XIII, XIV e XV desenvólvese por toda Europa, dentro dunha **grande diversidade entre os países nórdicos** (Alemaña, Inglaterra) e **mediterráneos** (España, Italia). En Italia, xamáis chega a triunfar en estado puro, sendo un fenómeno tardío e moi condicionado pola tradición clásica.

Cronoloxía.- Pódese dividir a arte gótica en catro ou cinco grandes períodos:

1.- PERÍODO DE TRANSICIÓN OU PREGÓTICO (1ª metade s.XII): chamado tamén **do “estilo cisterciense”**, **con grande austeridade decorativa, horizontalidade e pesadez dos edificios**, con contrafortes románicos, pero introducindo xa o arco apuntado e a bóveda de crucería.

2.- PERÍODO INICIAL OU GÓTICO TEMPERÁN (2ª metade do s.XII): definindo o estilo coa **aparición da vidreira** e a desaparición da tribuna románica, cunha **división tripartita máis esvelta e vertical do muro**.

3.- PERÍODO DE APOXEO OU GÓTICO CLÁSICO (1ª metade do s.XIII): onde predomina o **efecto ascensional e a verticalidade tanto en fachadas como en interiores**, triunfando as bóvedas de crucería e a **planta lonxitudinal con transepto reducido**.

4.- PERÍODO RADIANTE OU GÓTICO TARDÍO (fines do s.XIII e s.XIV): onde o **principal obxectivo é a ornamentación**, a través de elementos como **o arco conopial, as bóvedas estreladas, agullas, pináculos..**, e o muro convértese nun amplo ventanal con división bipartita, esvelto e estilizado.

5.- PERÍODO FLAMÍXERO (S.XV): tamén chamado **gótico internacional**, xa que coincide cunha época de formación dos Estados modernos adaptando o estilo as particularidades e dinastías nacionais (Gótico Tudor ou Perpendicular inglés, Gótico Isabelino español ou Gótico Manuelino portugués). **É a fase “barroca” do gótico, con liñas sinuosas e gran variedade de arcos, rosetóns e bóvedas**, reflectindo a convulsa situación de Europa trala crise do s.XIV. **Posúe gran importancia a arquitectura civil**.

A CATEDRAL GÓTICA. CONCEPTO E SIGNIFICADO.

A catedral, dentro do mundo baixomedieval e urbano do gótico, reflicte **a representación da realidade sobrenatural** (o “umbral do paraíso”). A súa perfección e grandiosidade técnica é consecuencia da habilidade manual e do traballo minucioso dos gremios.

Un elemento fundamental na concepción da catedral gótica é **o tratamento da luz**, que parece filtrarse a través do muro, fundíndose con ela e transfigurándoa. Neste sentido, **xoga un importante papel a vidriera que ven a substituír ós muros pintados da arquitectura románica.**

O simbolismo relixioso ven dado a través da interpretación dos Evanxelos e da escolástica medieval, nos que *“Deus é a luz verdadeira e creadora de todas as cousas”*. **A luz é o máis nobre dos fenómenos naturais e o que se acerca máis a forma pura** (estética e metafísica da luz).

A pintura e a escultura xamais ocultan a estrutura arquitectónica, senon que a suliñan, ocupando a imaxe un lugar menos destacado, e facendo triunfar a obra do maestro construtor sobre a do pintor.

Este funcionalismo xeométrico, surxe a partir da reforma cisterciense, que condena *“a ostentosa e monstruosa imaxinería románica e as enormes dimensións dos templos románicos, incompatibles co espírito de humildade monástica”*, e que **busca ante todo a armonía e a racionalidade entre as diferentes partes do templo**, como exemplo *“da divina razón creadora do Universo”*.

A ARQUITECTURA GÓTICA EN EUROPA. O GÓTICO ATLÁNTICO E O GÓTICO MEDITERRÁNEO.

a) **Gótico Francés.**- Francia é a cuna do gótico, que **surxe a partir do románico cisterciense de Borgoña en torno a 1ª metade do s.XII. A 2ª metade do s.XII xa é plenamente gótica en Francia**, elevándose grandes catedrais, como reflexo da crise feudal e do triunfo das monarquías.

Deste período inicial destaca *“a catedral de Notre-Dame”*, de París, realizada nunha pequena illa do Sena entre o 1163 e o 1245.

Presenta unha planta primitiva de salón, logo transformada pola ampliación do transepto, con 5 naves que **xeneran dobre deambulatorio na cabeceira e un transepto dunha soa nave**. Hai un claro **predominio do eixe lonxitudinal resaltado polo transepto pouco saínte**.

A fachada principal ten unha forma de “H” moi equilibrada, enmarcada por dúas torres perforadas, sen o aspecto militar e macizo da arquitectura románica anterior. Presenta 3 portadas fronte a única portada das fachadas do transepto, e a típica división en corpos horizontais.

Este edificio aínda non presenta unha acusada verticalidade a pesar do gran desenvolvemento en altura do cruceiro. Ó exterior obsérvase toda unha profusión de elementos propios do estilo.

No interior, observamos a típica división tripartita gótica, con arcos apuntados que separan as naves, o enorme triforio e no nivel superior os ventanais (claristorio). **Posúe unha cuberta con bóvedas de oxiva sinxela nas naves laterais e sexpartitas na nave maior e cruceiro**. O elemento sustentante é a columna, con capiteis florais e adosada ó muro cun fuste moi fino que arranca dos nervios da bóveda ata os pés da tribuna. As naves laterais presentan menos altura xa que sosteñen a tribuna.

Cara ó século XIII, o gótico triunfa en Francia, aparecendo outros edificios de grande importancia como *“as catedrais de Chartres, Amiens e Reims”*.

“A Catedral de Reims” é un dos exemplos máis puros do **gótico francés**. A súa construción non se alongou moito no tempo, nuns setenta anos a maior parte da obra estaría realizada, polo que a obra no seu conxunto mostra unha grande unidade estilística e compositiva.

As obras començaron no 1211. A catedral consta de **tres naves** lonxitudinais, coa central máis ancha que as laterais e cruceiro tamén de tres naves sobresaíndo en planta. En Reims a cabeceira alcanzou un grande desenvolvemento, froito da necesidade de albergar importantes conxuntos corais para as celebracións e coronacións monárquicas. Así a cabeceira é igual de ancha que o transepto, cun desenvolvemento presbiterio e cinco capelas radiais bastante profundas.

Seguindo os parámetros desenvolvementos no románico das igrexas de peregrinación, a cabeceira desta catedral é percorrida totalmente por unha prolongación das naves laterais a modo de xirola ou deambulatorio.

A cubrición en toda a construción realizase a través dunha bóveda de arista cuadripartita sostida a través de columnas con columnillas adosadas que recollen os empuxes das bóvedas.

O alzado é o habitual nas construcións góticas e componse de arquería formada por arcos apuntados que separan a nave central das laterais, o triforio que permite dar altura á construción e o claristorio cos ventanais que se configuran a través de vanos apuntados pechados con vidreiras.

Aos pes **dúas altas torres** de máis de oitenta metros de altura enmarcan a súa imponente fachada. A fachada principal está dedicada á Virxe María (non debemos esquecer o grande desenvolvemento da devoción mariana surxido nestes séculos), a través dunha triple portada abocinada con arcos apuntados no nivel inferior, e nun segundo nivel destaca o seu imponente rosetón para pechar no piso superior cunha galería de arcos apuntados con estatuas

Esta catedral xunto a de Amiens e Notre Dame son uns dos mellores exemplos de gótico francés. Todas elas plasman as características estilísticas típicas da etapa gótica tan diferentes ao románico de séculos anteriores. A lixeireza da construción vaciando o muro con grandes ventanais e sobre todo o predominio da luz na construción, son algúns dos parámetros góticos que mellor se nos mostran neste edificio.

b) **Gótico Alemán.**- O gótico é un fenómeno tardío en Alemaña, moi influenciado por Francia e que non florece ata o s.XIII.

Destacan "*as catedrais de Colonia, Estrasburgo e Ulm*", caracterizadas pola súa **enorme verticalidade tanto interior como exterior**, con profusión de agullas e pináculos, con torres rematadas no s.XIX.

c) **Gótico Inglés.**- É un estilo que triunfa en Inglaterra, derivado do románico normando a través de catedrais reformadas como en Canterbury. O período de apoxeo é o s.XIII, que mostra certas peculiaridades do gótico inglés como o **dobro cruceiro saínte ou as cabeceiras rectas sen xirola, con gran alongamento das naves e carencia de arcobotantes**, con altas torres sobre o cruceiro, destacando "*as catedrais de Salisbury, Lincoln e York*".

O Gótico tardío inglés (Tudor ou Perpendicular), é o período de esplendor, marcado **pola verticalidade e o decorativismo absoluto, cunha grande esbeltez dos soportes e das bóvedas nervadas colgantes "en abánico"**, cun efecto de unidade no espazo interior, destacando "*os interiores da abadía de Westminster e das catedrais de Wells e Gloucester*".

CONCEPCIÓNS ESPACIAIS NA ARQUITECTURA GÓTICA ESPAÑOLA. LONXAS E CONCELLOS. O GÓTICO E A SÚA LONGA DURACIÓN NA PENÍNSULA IBÉRICA.

O gótico mediterráneo presenta certas diferencias de estilo co gótico atlántico, dentro dunhas características básicas ou comúns.

d) **Gótico Italiano**.- É o estilo nacional que máis se separa do modelo francés, con numerosas novidades como a **ausencia de arcobotantes e bóvedas (cubertas de madeira), ou de torres nas fachadas con ritmo triangular (frontóns clásicos)**. O muro ten aquí moita importancia, estando **adornado con mosaicos dorados ou con bandas de distintos materiais**, contribuíndo a un realce estético ó igual que as vidrieras francesas.

Destacan “*a catedral de Siena*”, “*Santa Cruz en Florencia*”, e “*a catedral de Milán*”, dos s.XIV-XV, sendo esta última a excepción, xa que sigue máis o modelo francés.

e) **Gótico Hispano**.- En España, **o gótico surxe máis tardiamente que en Francia, sobre todo a partir do s.XIII** como consecuencia da fortaleza da monarquía castelá, tras a victoria na batalla das Navas de Tolosa de Fernando III o santo fronte os musulmáns.

O foco deste primeiro gótico é pois Castela, onde constrúense grandes catedrais en poboacións de gran crecemento demográfico como León, Burgos e Toledo. Son construcións impulsadas polos bispos pero financiadas pola monarquía, observándose nelas moitos recordos franceses pero tamén certas peculiaridades como **un menor interés pola altura dos edificios e o maior predominio da decoración sobre a pureza xeométrica**.

As construcións son especialmente anchas, horizontais, sobre todo en Cataluña, Valencia e Baleares, e responden a riqueza e esplendor dos cabildos, situados na ruta da lá ou no Camiño de Santiago. Son en xeral, **edificios moi ostentosos e de gran riqueza ornamental**.

“*A Catedral de León*”, iniciada a principios do s.XIII e rematada no s.XIV, foi realizada polo maestro Enrique e Xoán Pérez, e financiada polo rei Alfonso X o Sabio.

É **un monumento gótico puro, clásico, libre de aditamentos**, polo fráxil material empregado que provocou un gran número de derrubos e as correspondentes restauracións, a última no s.XIX, **limpando o edificio de engadidos renacentistas e barrocos**, caso único no noso país.

Mostra unha **gran influencia francesa, sobre todo no modelo da súa cabeceira e fachada, e na planta**, moi similar a de Reims, aínda que nunha proporción un pouco menor, **cun transepto moi corto e xirola de cinco naves fronte as tres naves do pórtico de acceso**.

A principal novidade é a descomposición da fachada, rompendo a súa unidade ó situar as torres nos extremos das naves laterais e non sobre elas. No interior aparece o triforio, de gran esbeltez como en Amiens, logrando unha **gran fonte de luz a través da abundancia de ventanais e vidrieiras, magníficas protagonistas do edificio, e das máis importantes de Europa**, fiel reflexo do ambiente espacial transfigurado da “*Xerusalén celestial*”.

O gran sentido vertical e a tremenda esbeltez da nave central, recolle a influencia de Beauvais, só interrompida polo coro, elemento típico e tradicional en todas as catedrais hispanas.

Os outros dous edificios de gran importancia dentro do gótico castelán son “*as catedrais de Burgos e Toledo*”, ademais das “*catedrais de Sevilla, Segovia e Salamanca*”, dun gótico bastante tardío (XIV-XVI).

“*A catedral de Burgos*”, construída entre o 1221-60, posúe planta de cruz latina con tres naves no brazo maior e unha no transepto, con xirola simple. **No interior obsérvase un menor ritmo ascendente con relación as catedrais francesas**, con escasa luminosidade, pero **destacando o enorme ciborio pola súa vistosa decoración plateresca do s.XVI**.

A fachada é de claro influxo francés, pero o remate das torres en agulla é de influencia alemá. Nos s.XV e XVI sofre enormes remodelacións, atopándose **elementos musulmáns** como as bóvedas estreladas do ciborio.

“*A catedral de Toledo*”, construída entre o 1227-34, pero rematada no 1493, posúe cinco naves, dobre xirola e transepto non sobresaínte, como Notre-Dame, en París, aínda que **case sen arcobotantes** e cuns enormes pilares no interior. **Pola súa abundante decoración musulmá resulta ser o edificio máis hispánico do gótico castelán, cunha soa torre na fachada** do s.XV, e un **aspecto de fortificación**.

No s.XIV, o foco de gravidade da arquitectura gótica trasládase ó Mediterráneo pola guerra civil en Castela, **atopando importantes obras en Cataluña** (Xirona, Barcelona), **Sevilla, Valencia ou Baleares** (Palma de Mallorca), tanto de tipo relixioso (catedrais), **como civil (palacios, castelos, lonxas e concellos)**, con edificios moi horizontais e de gran sinxeleza estrutural e decorativa e que **aparecen nas novas cidades comerciais**, e reflicten a riqueza dos burgueses e a vitalidade da vida municipal urbana.

A ESCULTURA GÓTICA. AS PORTADAS.

O carácter fundamental das artes figurativas góticas basease **no realismo e no crecente interese pola natureza. A arte volve a humanizarse, desaparecendo os tipos esquemáticos e estilizados do Románico** por outros máis terrealis, reflectindo **os sentimentos máis diversos** (dor, pracer, dulzura, gracia, benestar...), nun estilo claro e narrativo, buscando **a emoción e a comunicación co espectador**.

As novas concepcións ideolóxico-relixiosas propagadas polas **novas ordes mendicantes** (domínicos, franciscanos), estenden a crenza nunha **nova imaxe do Deus cristián, comprensivo e amistoso cas criaturas naturais, fronte ó todopoderoso Pantócrator románico**.

A nova iconografía, incide nas **imaxes de Cristo crucificado e da Virxe co neno, de menor idealismo e maior expresividade**. As demais imaxes relixiosas (santos, mártires, anxos...), talladas nas xambas ou columnas das portadas, sufren tamén este **proceso de naturalismo progresivo**, creando escenas onde **as figuras se mirán ou conversan animadamente unhas con outras, sonríen**, dentro dun ambiente que recorda como precedente “*o Portico da Gloria*”, do mestre Mateo.

Unha das primeiras obras dentro da escultura gótica monumental, son os relevos do “*pórtico real da catedral de Chartres*”, de mediados do s.XII, situados na fachada occidental e que constitúen o mellor exemplo de **escultura pregótica, aínda con certos patróns románicos como a excesiva adaptación das figuras ó marco**.

O esquema representativo das portadas é similar ó románico, pero agora gaña en importancia a figura da Virxe, decorándose máis dinteis e arquivoltas, fronte ó tímpano que perde certa importancia. Atopámonos aquí cun triple pórtico reflexo das tres naves interiores. Cuns tímpanos presididos de esquerda a dereita polas “*escenas da Ascensión de Cristo, do Xuízo Final e da vida da Virxe*”.

Destacan tamén as estatuas-columna, case exentas, representando profetas e reis de Judea (Antigo Testamento), identificándose cos soberanos franceses como os seus descendentes espirituais, reflectindo o ideal gótico de harmonía entre o goberno laico e o espiritual.

O estilo manifesta pois, certos arcaísmos propios do gótico inicial, como a excesiva esbelteza ou volume das figuras, a angulosidade dos panos con pregados moi quebrados, cabelos e barbas rizadas..., pero apreciándose xa **certa claridade e simetría de conxunto nas escenas fronte ó amoreamento de figuras propio do románico**, observándose ademais unha **certa individualización dos personaxes a través duns**

rostros de gran calidade humana e establecendo unha **armonía que inicia a evolución cara as grandes portadas do gótico clásico**, como Reims.

“A portada occidental da catedral de Reims”, de mediados do s.XIII, mostra xa a madurez do estilo alcanzado pola escultura gótica.

As esculturas aquí se independizan totalmente do marco e relaciónanse entre sí establecendo un diálogo. A obra no seu conxunto, é moi heteroxénea pola participación de varios maestros nas diferentes escenas.

A temática central xira arredor da Virxe, formando toda a portada un auténtico ciclo escultórico adicado a súa figura, destacando dúas escenas: *“a Anunciación”* e *“a Visitación”*, realizadas por diferentes maestros.

O tema da *“Anunciación”*, mostra unha escena narrativa onde **as columnas que sustentan as figuras pasan a un segundo plano**, destacando a figura do *“anxo do sorriso”*, recordo do arcaísmo grego e que constitúe **un dos máis belos do naturalismo propio do clasicismo gótico, abrindo novos camiños á escultura do s.XIII** como exemplo de rostro amable, fino e áxil, enmarcado por apretados rizos.

As figuras adquiren unha forma ondulada, de curva en S, que realza a anatomía e os pregados horizontais, creando un certo idealismo.

O tema da *“Visitación”*, reflicte as mesmas características de estilo pero dentro dun **maior realismo**, sobre todo na figura de Santa Isabel cuxos pregados cruzados sobre o ventre aumentan o seu volume. É unha escena na que **as dúas mulleres inspiran simpatía e calor humano como reflexo do seu parentesco.**

En definitiva, esta portada da lugar **ó desenvolvemento da escultura monumental de vulto redondo cun sentido do narrativo e a conquista do individuo, do retrato, esquecendo a rixidez das antigas estatuas-fuste** que a partir de agora móvense coa mesma naturalidade cas dos tímpanos.